

## ANUNCIO

Con data 12/08/2024 dictouse Resolución de Alcaldía número 428/2024 que literalmente di:

### “RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

#### **LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE LIMPADOR/RA, PERSOAL LABORAL FIXO AO 50 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL**

Resultando que mediante Por Resolución de Alcaldía núm. 695/2022, do 26 de decembro, aprobáronse as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante Decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Resultando que por Resolución de Alcaldía núm. 697/2022, do 27 de decembro, aprobáronse a convocatoria e bases específicas reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Visto que ambas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 247 de 30 de decembro de 2022.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 146/2024 de data 19 de marzo, foron aprobadas as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Limpador/ra, persoal laboral fixo ao 50 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal.

Unha vez transcorrido o prazo para subsanación de documentación, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Limpador/ra, persoal laboral fixo ao 50 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, segundo se indica:

#### **ADMITIDOS/AS:**

<b>ADMITIDOS</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	
1	CEBREIRO PAZ SUSANA
2	GARCIA RODRIGUEZ BEATRIZ
3	PERNAS IGLESIAS ROSA MARI
4	QUINTANA GONZALEZ MARTA
5	VIÑAS MAYO RUBÉN

#### **EXCLUIDOS/AS:**

Non hai aspirantes excluídos

**Segundo.-** O Tribunal para o proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Limpador/ra, persoal laboral fixo ao 50 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, está formado por:

TITULARES:

Presidente: Dna. Carmen Menéndez Ares

Secretaria: Dna. Ana Velo Ruiz

Vogais:

Dna. M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage

Dna. Montserrat Pérez Garrote

D. Benigno Pérez García

SUPLENTE:

Presidente: Dna. Yolanda Ares Bao

Secretario: Dna. Ángeles Fernández Fernández

Vogais:

Dna. Mar López Pérez

D. Casimiro García García

D. Bernardo Pérez Fernández

**Terceiro.-** Publicar a presente listaxe no Boletín da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

**Cuarto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interponer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage, como Secretaria Accidental, dou fe.”

Cedeira, a 12 de agosto de 2024

O Alcalde.-

Asdo. Pablo Diego Moreda Gil